

16 Noviembre de 2015 - Revista 1047

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 4

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 10

NOVAS DE EMPREGO / 14

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 23

EN PORTADA

A igrexa da USC acolle unha mostra de 32 proxectos creativos do Xuventude Crea, un certame que 'estimula e apoia o talento, a imaxinación e a creatividade dos mozos e mozas galegos'

Martes, 10 Novembro 2015 15:36

- A exposición composta por 16 proxectos na especialidade de fotografía e outros tantos na de artes plásticas que comprende pintura (9) e escultura (7), poderá visitarse ata o vindeiro 28 de novembro.
- Os premios, que poden ser compartidos, serán 3.000 euros para os gañadores; 1.500 euros para os segundos; e 1.000 euros para os terceiros e, por outra banda, tamén se poden outorgar mencións de honra, sen dotación económica.
- A Fundación Eugenio Granell de Santiago acolle este mes a final da especialidade de deseño de xoias.



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, inaugurou na xornada de hoxe na Igrexa da USC a exposición dos proxectos finalistas das especialidades de artes plásticas e fotografía do certame Xuventude Crea organizado pola Consellería de Política Social. A mostra, que permanecerá aberta desde hoxe ata o vindeiro 28 de novembro, inclúe un total de 32 proxectos creativos: 16 na especialidade de fotografía e outros tantos na de artes plásticas que comprende pintura (9) e escultura (7). Cecilia Vázquez definiu ao Xuventude Crea como "un certame de creadores novos que estimula e apoia o talento, a imaxinación e a creatividade dos mozos e mozas galegos". Nesta liña asegurou que "desde a Consellería de Política Social apostamos polo talento e desenvolvemento da creatividade xuvenil, polo establecemento de vías de respaldo aos proxectos creativos e innovadores da mocidade galega".

Na modalidade de **escultura** mostrarán os seus proxectos creativos: **Silvia Capelo Álvarez** coa obra 'Trazos físicos da Terra'; **Adrián Taracido Fernández** co traballo 'Diafanía'; **María Isabel Carril Quiroga** coa escultura 'Grane'; **Adrián Penido Núñez** coa obra 'Conciencia plástica'; **Sara Álvarez Otero** co proxecto 'Cinco sobre un'; **Beatriz Sieiro Caramés** coa escultura 'Sen ti'; e **Carla Souto Rodríguez** coa obra 'O vento na pel'.

No apartado de **pintura** a exposición inclúe as obras: 'Noticiero das 15:00 h' de **Raquel Currás García**; 'Puzzle de fluidofaunorostros' de **Carlos Copa Josenge**; 'Vida detida: sombras e ondas' de **Alejandro Lorenzana Velasco**; 'Remigio' de **Javier Sande Iglesias**; 'Mandalas', de **Matías Nahuel Sinopoli Buceta**; 'Acechando', de **Sheila Marina Couselo Rial**; '4 ensoñacións' de **Marina González Guerreiro**; 'Habitar, erosión e ruína' de **Ruth Miguel Díaz**; e 'Amplía miras' de **Lara Torres Rodríguez**.

Na especialidade de **fotografía** mostrarán os seus traballos: **Alejandro Lorenzana Velasco**, con 'Outro punto de vista'; **David Soler Berini**, coa obra 'Xeometrías'; **María Rosario López Sánchez** co proxecto 'Do ermo'; **Minia Banet Fraga** coa obra 'Metamorphose'; **Breogán Alamancos Millán** con 'Galiza is different'; **Estefanía Andre Feijóo**, co proxecto 'Pegadas'; **Adrián Penido Núñez** coa obra 'Conciencia plástica'; **Aarón Rodríguez Varela** con 'Artabro vertical'; **Carla Pérez Vázquez** coa obra 'Espellos. Espazo de reflexión'; **Bieito Silva Porti** co proxecto 'Ascender'; **Lara Torres Rodríguez** co traballo 'Poemas obxecto'; **Elena Pérez Arda López** coa obra 'Einwegkamera (cámara dun so uso)'; **Sofía Hidalgo Moldes** con 'Pretérito ulterior'; **Sheila Pazos Silva** coa obra 'Vivir nas nubes II'; **Natalia Boo Vázquez** co proxecto 'A terra. Amencer e solpor'; e **Tania Cuíña Gómez** coa obra 'Recordo'.

O certame 'Xuventude Crea' convoca cada ano concursos en once especialidades: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti. Na edición de 2015 de Xuventude Crea presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo. Participaron máis de 300 mozos e mozas galegos ou en residentes en Galicia, non profesionais e con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos.

Outras especialidades

Na súa intervención Cecilia Vázquez lembrou que este vindeiro xoves 12 de novembro celebrarase a final da especialidade de música, na que reproducirán en directo as súas cancións os seus grupos finalistas: **Christian Abal & The White Serpas**; **Axlubi-X**; **Ofmates**; **Umbrá**; **Fripp & Kitte**; e **Diariodeverano**.

Ademais, ao longo deste mes de novembro terá lugar a final da especialidade de deseño de xoias na **Fundación Eugenio Granell de Santiago** que se sumará ás xa decididas nas disciplinas de poesía, graffiti, videocreación, teatro, moda e as de fotografía, artes plásticas e música que están en marcha. O acto final de entrega de premios das 11 especialidades terá lugar o próximo 3 de decembro.

No que atinxe á modalidade teatral, **Vacaloura teátrica (O Rosal)** coa obra 'Mousike e as kronomusas' recibiu o primeiro premio; o segundo foi para **Pinchacarneiro teatro (Noia)** pola representación 'Vilar de inferno'; e o terceiro premio foi compartido entre **Non si? Teatro (Baiona)** co proxecto 'Variacións dun soño sen título' e **Fusco e Lusco do IES Universidade Laboral de Ourense** coa obra 'Vodas de sangue'.

Na especialidade de moda, o primeiro premio foi para a colección 'Jane Rocks' de **Irene Muiños Pereira (Mos)**; o segundo para **Yolanda Román Vázquez (Vigo)** pola obra 'Militante vanguardista' e o terceiro premio para **Iria Carrera Chapela (Vigo)** por '#Tags for life'.

En videocreación, **Inés Miras Vieites (Santiago)** recibiu o primeiro premio polo proxecto 'Volta atrás'; **Denisse Lorenzo Hermida (Vilalba)** o segundo por 'Alén das pantallas'; e **Estela Suárez Recouso** con 'Extrusión social' recibiu o terceiro premio.

En poesía, o primeiro premio foi compartido entre **Brais Lamela Gómez, (Vilalba)**, coa obra 'Memorias dun cuarto afincado en Nevermore' e **Mónica Sánchez Rodríguez (Monforte de Lemos)** polo poemario 'O sosego do lodo'. O segundo premio, tamén compartido, recaeu en **Andrea Aris Couso (Vigo)** pola obra '3/cuartos de fame' e en **Sonia Martínez López (Sarria)** por 'Interaccións fundamentais'. E o terceiro compartido foi para **Fabián Freijedo Fariñas (O Carballiño)** con '00023-KZ Arquivo Chus Psiquiatría' e para **Celia Parra Díaz (Ourense)** pola obra 'Profundidade de tacto'.



O **obxectivo principal do ECMYNN**, é mellorar as competencias das persoas e institucións que traballan coa mocidade de cara a coñecer cales son as necesidades obxectivas da xuventude que nin estuda nin traballa, a máis prexudicada en contextos de crise. Por outra banda tamén se pretende crear, promover e desenvolver un novo modelo de acompañamento formativo, de asesoramento profesional e de apoio persoal coas miras postas na prevención de novos casos e na resposta urgente aos xa existentes.

O proxecto, financiado integramente con fondos europeos, ten varias fases. A primeira é a de investigación e estudo da situación sociolaboral da mocidade en cada un dos territorios participantes, tomando como referencia o grupo poboacional cunha idade comprendida entre os 16 e os 29 anos con escasa ou nula formación e en situación de desemprego.

Unha das primeiras ferramentas que xa se puxo en marcha de forma simultánea nos cinco países integrantes do **ECMYNN** é unha sinxela enquisa anónima dirixida a este ámbito da poboación. Con ela búscase facer unha aproximación o máis precisa posible ás necesidades obxectivas e ao perfil do mozo ou moza que nestes momentos nin estuda nin traballa. De aí que o cuestionario estea enfocado a obter información de tipo demográfico, de situación socioeconómica, do nivel formativo, da percepción que teñen estas persoas sobre si e as súas capacidades, das súas perspectivas cara ao futuro, da súa predisposición para ao emprendemento e incluso sobre o tipo de apoio que agardan das institucións públicas.

Acceso á enquisa **ECMYNN Project - NEET People Survey**

Contratos predoutorais no Instituto Universitario Europeo (IUE)

Luns, 16 Novembro 2015 11:06



O *Ministerio de Educación* convoca axudas para contratos predoutorais do **Programa «Salvador de Madariaga»** no *Instituto Universitario Europeo (IUE)* no que os beneficiarios realizarán a formación doutoral, e, como entidade de adscrición a *Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP)*.

Son **12 axudas** para a formalización de contratos predoutorais, distribuídas proporcionalmente nas seguintes áreas:

- a) Departamento de Historia e Civilización.
- b) Departamento de Ciencias Políticas e Sociais.
- c) Departamento de Economía.
- d) Departamento de Ciencias Xurídicas.

Os contratos predoutorais obxecto das axudas terán duración anual, prorrogable por iguais períodos de tempo, previo informe favorable da comisión de doutoramento, ata o máximo de catro anos.

As axudas comprenderán:

- a) Unha dotación económica mensual de 1.400 euros durante os dous primeiros anos e de 1.500 euros durante o terceiro e cuarto ano, máis dúas pagas extraordinarias cada un dos catro anos.
- b) Unha axuda de viaxe para o primeiro e outra para o terceiro ano por un importe total de 700 euros cada unha.

Requisitos académicos:

Estar en posesión do título de licenciado, grao ou de master ou os seus equivalentes, en materias xurídicas, económico-empresariais, político-sociolóxicas, ou de humanidades, para a realización do doutoramento nos devanditos campos.

Tamén poderán presentar a solicitude os estudantes das materias sinaladas que se atopen no seu último ano de master ou lle falten por cursar un máximo de créditos equivalentes a un curso académico e que, en todo caso, deberán terminar e acreditar estar en posesión do título que lle dea acceso ao doutoramento con anterioridade ao día 10 de xullo de 2016.

Finalizar os estudos aos que se refire o parágrafo anterior, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007 e ser menores de 30 anos no momento de incorporarse ao Instituto.

Certificado do Nivel C1 de inglés, sendo válidos os certificados IELTS, TOEFL, Cambridge Proficiency ou Cambridge Advanced.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o do **31 de xaneiro de 2016, ás 14,00 horas**.

Máis información no BOE do 16 de novembro de 2105 e en <http://www.eui.eu/servicesandadmin/academicsservice/doctoralprogramme/index.aspx>



NOVAS FORMACION CURSOS DA DXXV

Obradoiro de Coaching

Xoves, 12 Novembro 2015 14:24

Obradoiro de Coaching - Mocidade en Acción

A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* organiza un obradoiro de coaching destinado a mozos e mozas de idades entre os 18 e 30 anos.



Lugares e datas:

- 20 de novembro:** Espazo Xove de Vilalba
- 25 de novembro:** Espazo Xove de Betanzos
- 27 de novembro:** Espazo Xove de Ourense
- 11 de decembro:** Espazo Xove de Vilagarcía
- 16 de decembro:** Espazo Xove de Noia

Horario: de 16:15 a 18:15 horas

Selección: por orde de inscrición.

Obradoiro "A Marca es Tí"

Xoves, 12 Novembro 2015 14:27



Obradoiro "A Marca es Tí": marca persoal para mozos e mozas

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza un obradoiro sobre a marca persoal destinado a mozos e mozas de idades entre os 18 e 30 anos.

Lugares e datas:

- 20 de novembro:** Espazo Xove de Vilalba
- 25 de novembro:** Espazo Xove de Betanzos
- 27 de novembro:** Espazo Xove de Ourense
- 11 de decembro:** Espazo Xove de Vilagarcía
- 16 de decembro:** Espazo Xove de Noia

Horario: de 18:45 a 20:45 horas

Selección: por orde de inscrición.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

EUROPEAN CITIZENSHIP IN YOUTH TRAINING COURSES

Martes, 10 Novembro 2015 14:10

Descrición: Este curso de formación fomenta o desenvolvemento dunha cidadanía europea crítica e democrática, e apoia aos traballadores no ámbito da mocidade no desenvolvemento e a implementación de proxectos novos nunha dimensión de *Cidadanía Europea*; ademais de introducir o **programa Erasmus / Mocidade**.

Perfil dos participantes: traballadores xuvenís, líderes xuvenís, xefes de proxectos.

Data e lugar de celebración: 22 - 28 de febreiro de 2016.

Lugar: Reino Unido.

Data de finalización: 16/11/2015

Información ampliada: <http://www.erasmusplus.injuve.é/formacion/cursos/listacursos.jsp>

Máis información: INJUVE


A Voltas... Programa formativo na Coruña

Xoves, 12 Novembro 2015 12:26

O **CMIX da Coruña** ofrece un **programa formativo** dirixido ás asociacións, entidades e grupos non formais que xa están en marcha e tamén ás persoas que están pensando en crearen novas entidades que se sumen ao labor que realizan as xa existentes.

O **obxectivo** é proporcionar ferramentas para organizar e xestionar entidades de participación social, co fin de complementarmos desta maneira o traballo que desde a nosa concellaría realizamos no ámbito asociativo: asesoramento de asociacións, préstamos de equipos audiovisuais para a realización de actividades, cesión de espazos, etc.

Os obradoiros son gratuitos e as prazas limitadas, e impartiranse no **Fórum Metropolitano da Coruña**.



Unha vez que se esgoten as prazas, abrírase unha listaxe de agarda para cada obradoiro, chamando ao teléfono do CMIX 981 184 294, en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00 h, e de 17:00 a 20:00, e os sábados de 11:00 a 14:00 h.

Programa Formativo:

Asociación ou grupo non formal? Cal é o mellor modelo para levar a cabo un proxecto social? (27/11/2015)

Inscripción: do 12 ao 23 de novembro.

Como xestionar unha asociación: proxecto asociativo, financiamento e fiscalidade (04/12/2015).

Inscripción: do 17 ao 30 de novembro.

Creación e realización de proxectos (11/12/2015).

Inscripción: do 23 de novembro ao 7 de decembro.

Comunicación en entidades: comunicación interna, externa, cidadá e dixital (14/12/2015).

Inscripción: do 25 de novembro ao 9 de decembro.

Máis información:

<http://www.coruna.es/servlet/Satellite?pagename=CMIX/Page/Generico-Page-Generica&cid=1415077955330&argIdioma=gl&itemID=1447121601977&itemType=Suceso>

Cursos monográficos na Escola de tempo libre Fervenza



Venres, 13 Novembro 2015 09:23

Cursos monográficos da Escola de tempo libre Fervenza.

Teléfono 606 321 636.

CURSO DE EMPRENDEMENTO E EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

Venres, 13 Novembro 2015 15:47

Organiza: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia.

Datas: 26 e 27 de novembro, 3 e 4 de decembro.

Horario: 16:00 a 21:00 h.

Lugar: Edificio Cersia.

Contidos:

Parte I

1. Organización empresarial.
2. Marketing e comercialización.
3. Análise económico - financeiro.

Parte II

1. A empresa de inserción laboral.
2. O traballador en Inserción.
3. Promoción das Empresas de Inserción.
4. Presentación das Empresas de Inserción.

Máis información: Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela.

<http://axencialocaldecolocacion.org/formacion/curso-de-emprendemento-e-empresas-de-insercion-laboral>

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS PARA O EMPREGO

Venres, 13 Novembro 2015 15:49

Esta actividade forma parte do **programa Urbana Santiago Norte**, polo que se dirixe exclusivamente a aquelas persoas que estean empadroadas na zona de influencia do programa (premer aquí para ver a listaxe de rúas incluídas)

Tendo en conta o punto anterior, anotarse nesta actividade ten os efectos dunha preinscrición no mesmo, quedando pendente a confirmación da inscrición definitiva por parte do persoal técnico da **Área de Emprego do Concello de Compostela**.

Datas: do luns 23 ao venres 27 de novembro (5 días).

Horario: de 9:00 a 14:00 h.

Contidos:

- Creación de grupo e cohesión grupal: introdución, expectativas alumnado e experiencias previas e pontencialidades profesionais.
- Comunicación. Asertividade. Autoestima Escrita Activa. Empatía.
- Traballo en equipo.
- Estrés laboral. Pensamento positivo.
- O conflito: técnicas para resolver situacións conflitivas

Máis información: Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela.

<http://axencialocaldecolocacion.org/formacion/competencias-transversais-para-o-emprego>

SOLDADURA MIG E TIG

Venres, 13 Novembro 2015 15:49

- Esta actividade forma parte do programa **Urbana Santiago Norte**, polo que se dirixe exclusivamente a aquelas persoas que estean empadroadas na zona de influencia do programa (premer aquí para ver a listaxe de rúas incluídas)

- Tendo en conta o punto anterior, anotarse nesta actividade ten os efectos dunha preinscrición no mesmo, quedando pendente a confirmación da inscrición definitiva por parte do persoal técnico da **Área de Emprego do Concello de Compostela**.

Datas: do luns 23 ao luns 30 de novembro.

Horario: de 9:00 a 14:00 h.

Máis información: Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela.

<http://axencialocaldecolocacion.org/formacion/soldadura-mig-e-tig>

EXAMES TOEFL (TEST OF ENGLISH AS A FOREIGN LANGUAGE)

Venres, 13 Novembro 2015 15:50

- Esta actividade forma parte do programa **Urbana Santiago Norte**, polo que se dirixe exclusivamente a aquelas persoas que estean empadroadas na zona de influencia do programa.

- Tendo en conta o punto anterior, anotarse nesta actividade ten os efectos dunha preinscrición no mesmo, quedando pendente a confirmación da inscrición definitiva por parte do persoal técnico da **Área de Emprego do Concello de Compostela**.

Preparación dos exames: do 23 ao 30 de novembro

Horario: de tarde (pendente de confirmar horario)

Máis información: Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela

<http://axencialocaldecolocacion.org/formacion/exames-toefl-test-of-english-as-a-foreign-language->

NOVAS FORMACION CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Director/a de campos de traballo en Pontevedra

Martes, 10 Novembro 2015 09:31



PLAN REACTÍVATE 2015/16
PROMOCIÓN "Traxo a un emprego" 120€
Director/a de Campos de traballo 50 HORAS + prácticas nun campo de traballo
DATAS: MES DE DECEMBRO Días 11, 12, 13, 18, 19 e 20
FINS DE SEMANA: Venres: de 16 a 21h. Sábados e Domingos: de 09 a 14 e de 16 a 21h.
REQUISITOS: Estar en posesión do Título de Director/a de tempo libre, e acreditar experiencia como Director/a de actividades de tempo libre.
Onde: Praza de Eiría nº 7, 36008 Pontevedra, PONTEVEDRA
Prezo: 140 € Desconta Camé Xove, desempregados e estudantes: 130€
PROMOCIÓN: "Traxo a un emprego" 120€ cada matrícula.
Máis info e reservas: www.morexoda.es
etbarlovento@morexoda.es
www.facebook.com/etbarlovento
www.instagram.com/etbarlovento
www.linkedin.com/company/etbarlovento
www.youtube.com/channel/UC...
Escuela de Tempo Libre Barlovento
Praza de Eiría nº 7, 36008 Pontevedra
Teléfono: 670 892 307

A **Escola de tempo libre Barlovento** organiza un curso de **Director/a de Campos de traballo en Pontevedra**.

Datas: do 11 de decembro ao 20 de decembro de 2015.

Horarios: Venres de 16:00 a 21:00 horas. Sábado e domingo de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas

Lugar: Pontevedra. Travesía da Eiriña 7 Baixo.

Máis información na Escola de tempo libre Barlovento, teléfono 670 892 307.

<https://www.facebook.com/etbarlovento/>

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Bolsas para Máster de Arte en Suíza

Martes, 10 Novembro 2015 12:35

Descrición: Requisitos: posuír título de grao. Ser menor de 35 anos. Ter os coñecementos de idioma necesarios para o curso para realizar e non pasar máis de 1 ano en Suíza ao momento de solicitar a axuda.

Data de finalización: 21/11/2015.

Información ampliada: <https://www.eda.admin.ch/madrid>

Máis información: GOBERNO DE SUÍZA.

Bolsas de Excelencia para alumnos de Estudos Oficiais de Posgrao

Martes, 10 Novembro 2015 12:37

Descrición: Bolsas de matrícula para os estudos oficiais de posgrao da Universidade Internacional Menéndez Pelayo do curso académico 2015-2016.

Destinatarios: alumnos matriculados no curso académico 2015-2016 en calquera dos estudos oficiais de posgrao da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Dotación: consistirá na exención do abono do 50 por cento do importe da matrícula dos créditos en primeira matrícula, ata un máximo de 2.000 euros.

Data de finalización: 01/12/2015

Máis información: UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO

C/ Isaac Peral, 2
28040 Madrid
Teléfono 915 92 06 00
www.uimp.es/

Becas GOEURO

Martes, 10 Novembro 2015 12:41

Descrición: GoEuro basa su trabajo en unir Europa en su totalidad facilitando el acceso a cada una de las ciudades y pueblos de el continente, ya sea a través de vuelos, trenes o autobuses. Su equipo está formado por jóvenes procedentes de todos los rincones de el mundo y por eso quieren apoyar a otros jóvenes estudiantes con ideas innovadoras que puedan dar la cara a su visión de cómo interconectar la Europa del siglo XXI.

El estudiante que envíe una idea más creativa tendrá una oportunidad de realizar unas prácticas remuneradas, con una duración de entre uno y tres meses, en la oficina de Berlín de la empresa durante el verano 2015. Además, obtendrán una beca de 2.000 euros y GoEuro publicará las mejores ideas en el blog oficial de GoEuro en *Alemania, Reino Unido, España, Holanda e Italia*.

Cierre de finalización: 16/12/2015

Información ampliada: <http://www.goeuro.es/beca>

Máis información: GOEURO

<http://www.goeuro.es/>

Convocadas 92 'Bolsas Santander Crue Cepyme prácticas en Empresa' da UDC

Luns, 16 Novembro 2015 09:26

A Universidade da Coruña, **oferta estas bolsas** xunto co Banco Santander, para alumnos que estén matriculados na UDC e teñan superado o 50% dos créditos da titulación de grao.

A duración das prácticas será de **3 meses** a tempo total (600 euros) ou **6 meses** a tempo parcial (300 euros).

O **prazo** de solicitudes para estudantes é do **15 de novembro de 2015** ao **31 de xaneiro de 2016**.

Máis información www.udc.es

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas GOEURO

Martes, 10 Novembro 2015 10:47



GoEuro basea o seu traballo en unir Europa na súa totalidade facilitando o acceso a cada unha das cidades e pobos do continente, xa sexa a través de voos, trens ou autobuses. O seu equipo está formado por mozos procedentes de todos os recunchos do mundo e por iso queren apoiar a outros novos estudantes con ideas innovadoras que poidan dar á empresa a súa visión de como interconectar a Europa do século XXI.

O estudante que envíe a idea máis creativa terá a oportunidade de realizar unhas prácticas remuneradas, cunha duración de entre un e tres meses, na oficina de Berlín da devandita empresa durante o ano 2015. Ademais, obterán unha bolsa de 2.000 euros e GoEuro publicará as mellores ideas no blogue oficial de GoEuro en *Alemaña, Reino Unido, España, Holanda e Italia*.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de decembro de 2015**.

Máis información: <http://www.goeuro.es/beca>

Bolsa Ciber@ula

Martes, 10 Novembro 2015 11:06



A **Fundación María José Jove** e a **Fundación Profesor Novoa Santos (CHUAC)**, asinan un convenio para a creación dunha bolsa na **CIBER@ULA do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera (A Coruña)**, coa finalidade de dotar á citada aula dun coordinador/monitor.

Requisitos:

Estudantes matriculados na Universidade da Coruña nas seguintes titulacións: Psicopedagogía, Mestre (educación infantil, educación primaria), Educación Social.

Non estar a traballar na actualidade baixo ningún modelo de contratación laboral relacionada coa titulación requirida.

Duración: A bolsa dará comezo o **16 de decembro de 2015** e finalizará o **15 de decembro de 2016**.

O labor realizado polo bolseiro no **Hospital Materno Teresa Herrera da Coruña**, terá lugar en horario de tardes, de 15.00 a 20.00h

<http://www.fundacionmariajosejove.org/proyecto/beca-ciberula/>

BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

Bolsas da Fundación Galicia Europa

Xoves, 12 Novembro 2015 09:47



A **Fundación Galicia Europa (FGE)** convoca **6 bolsas de formación en asuntos europeos**, co obxectivo de achegar a realidade europea á sociedade galega e de mellorar a empregabilidade dos mozos da comunidade. Nesta liña, cinco titulado/as universitario/as e un/a técnico de Formación Profesional realizarán estadias **de xaneiro a decembro de 2016** nas oficinas da **FGE** en Santiago de Compostela e Bruxelas.

Catro das bolsas de formación estarán centradas no seguimento dos asuntos relacionados coas políticas comunitarias que máis afectan a Galicia. Para esta modalidade valoraranse preferentemente as seguintes titulacións: grao ou licenciatura en *Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas, Relacións Internacionais, Ciencias Económicas e Administración e Dirección de Empresas*.

A **FGE** ofrece, ademais, unha bolsa radicada na oficina de Bruxelas e destinada a licenciados ou *graduados en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual*, co obxectivo de que o/a beneficiario/a se familiarice coa comunicación e información das políticas comunitarias, das actividades da Fundación e da presenza de Galicia nos organismos europeos.

Así mesmo, por terceiro ano consecutivo, a *Fundación Galicia Europa* convoca unha bolsa dirixida a técnicos superiores en Secretariado ou en Asistencia á dirección para a realización de prácticas na oficina de Bruxelas.

Requisitos:

Ser natural de Galicia, ser filla/o de galegos ou ter residencia en Galicia desde antes do **1 de xaneiro de 2014**.

Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos, todos eles obtidos con posterioridade ao **31 de decembro de 2008**:

- Para as bolsas de formación no seguimento dos asuntos relacionados coas institucións comunitarias e coas súas políticas así como coa captación de financiamento comunitario e xestión de proxectos europeos: título universitario superior (licenciatura ou grao)

- Para a bolsa de formación en comunicación e información das políticas comunitarias, das actividades da FGE e da presenza de Galicia nos organismos europeos: grao ou licenciatura en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual.

- Para a bolsa dirixida a titulados de formación profesional: título de Técnica/o superior en Secretariado ou Técnica/o superior en Asistencia á dirección.

As bolsas terán unha duración de 11 meses. As prácticas comezarán o **18 de xaneiro de 2016** e rematarán o **16 de decembro de 2016**.

O **prazo** para a presentación de solicitudes e a documentación remata o día **20 de novembro de 2015**.

Máis información: http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2_ver.asp?idSeccion=8&idTema=255&idNoticia=2407

BOLSAS E AXUDAS ▶ OUTRAS

Axudas para a adquisición de material escolar

Martes, 10 Novembro 2015 08:21



A *Consellería de Educación* convoca **axudas para a adquisición de material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16.

Requisitos:

Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nun centro sostido con fondos públicos durante o curso escolar 2015/16.

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 €.

Contía das axudas: 50 € por alumno/a.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de novembro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED330F**.

Máis información no DOG do 10 de novembro de 2015 e en www.edu.xunta.es

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIO INTERNACIONAL OBRA ABERTA

Martes, 10 Novembro 2015 12:28

A **Fundación Bancaria Caixa de Extremadura** convoca unha nova edición do **Premio Internacional de Artes Plásticas Obra Aberta**, na que cada participante deberá presentar unha única obra da que sexa autor e propietario, encualquiera das disciplinas que determina a arte na actualidade: pintura e a súa expansión, escultura, fotografía e arte dixital, vídeo, performance e intervención artística.

Poderán participar todos os/as artistas interesados, calquera que sexa a súa nacionalidade e residencia.

Dotación:

- 10.000 euros para a obra gañadora.
- 5.000 euros para bolsa de adquisicións.

Prazo de presentación: 26/11/2015

Prazo de inscrición: 26/11/2015

Data de finalización: 26/11/2015

Máis información: FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA DE EXTREMADURA.

<http://www.fundacioncajaextremadura.es>

IV CERTAME NACIONAL DE TEATRO MUSICAL AMATEUR

Martes, 10 Novembro 2015 12:29

Descrición: Datas: 17 e 24 de outubro; 7 e 24 de novembro de 2015.

Participantes: grupos de teatro musical de carácter amateur. Os grupos participantes obterán, en concepto de gastos de desprazamento, 800 euros.

Dotación:

- Premio ao Mellor Espectáculo: 1.000 ? + trofeo.
- Premio á Mellor Actriz: Trofeo.
- Premio ao Mellor Actor: Trofeo.
- Premio á Mellor Voz Feminina: Trofeo.
- Premio á Mellor Voz Masculina: Trofeo.
- Premio á Mellor Dirección: Trofeo.
- Premio á Mellor Dirección Musical: Trofeo.
- Premio á Mellor Coreografía: Trofeo.
- Premio ao Mellor Vestiario: Trofeo.
- Premio ao Mellor Decorado: Trofeo.
- Premio á Mellor iluminación: Trofeo.
- Premio ao Mellor Son: Trofeo.
- Premio Especial do Público: Trofeo.

Lugar: teatro de Zafra (Badaxoz).

Data de finalización: 25/11/2015

Máis información: CONCELLO DE ZAFRA

Teléfono 609 978 094.

CONCURSO ESCOLAR 'CONSUMÓPOLIS 10'

Martes, 10 Novembro 2015 12:30

Descrición: Promover a reflexión sobre distintos aspectos do consumo responsable.

Niveis de participación:

- **Nivel 1:** Terceiro ciclo de Educación Primaria
- **Nivel 2:** Primeiro e segundo cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Nivel 3:** Terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.

Requisitos: a inscrición no concurso realizarase por equipos de cinco concursantes, matriculados nalgún dos cursos do correspondente nivel de participación, coa coordinación dun docente do centro.

Cada docente poderá coordinar máis dun equipo. Cada concursante só poderá inscribirse nun equipo.

Os equipos deberán ser inscritos polo docente coordinador directamente no portal da internet de Consumópolis, na dirección www.consumopolis.es

Dotación: computador portátil ou tableta para cada un dos cinco concursantes e o profesor que coordinase ao equipo gañador. Ademais, recibirán un diploma acreditativo.

Data de finalización: 31/12/2015

Información ampliada: www.consumopolis.es

Máis información: MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE.

I CONCURSO INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES 'SERVAS NOVA'

Martes, 10 Novembro 2015 12:30

Tema da curtametraxe: Os Dereitos Humanos. Cada curtametraxe só representará un dos dereitos humanos, elixido polo participante.

Duración dos curtos: menos de 5 minutos.



Dúas categorías: realizados con cámara e con teléfono móbil. Idioma e subtítulos: pode ser mudo ou en calquera idioma pero subtitulado en inglés.

Título e créditos: ao principio de todo debe aparecer o título co dereito humano elixido. Ao final debe aparecer os créditos cos nomes dos participantes e o logo de Servas do seu país ou o internacional (novo logo).

Todos os curtos visualizánsense na canle de *Servas España de YouTube* e elixíranse os 10 mellores. Estas 10 curtametraxes proxectaránse publicamente no **Encontro de Servas Novos en xullo 2016**.

Dotación: 2 premios por categoría e por idades. Parte do premio será a invitación ao próximo encontro de Mozos Servas que se realizará en xullo do 2016 nalgún lugar de España.

Data de finalización: 01/01/2016

Máis información: COMITÉ DE MOZOS DE SERVAS ESPAÑA

<https://www.servas.es/>

XXII CERTAME LITERARIO DE LETRAS HISPÁNICAS 'RAFAEL DE CÓZAR'

Martes, 10 Novembro 2015 12:31

